

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 19 de marzo de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma de vivenda de planta quinta, modificación de portal en planta baixa, instalación de ascensor e substitución de cuberta no edificio con licenza número 734/75, sito en solo urbano, na rúa Quiroga, número 41; de mellora de accesibilidade no portal do edificio sito en solo urbano, con licenzas 62/77 e 421/89, na avda. Carlos Azcárraga, número 1; para a ampliación en fondo de plantas altas e reestruturación de edificio para oficinas, quedando o edificio composto de planta baixa para accesos e garaxes, entresollado para rochos, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para oficinas, na ronda da Muralla, 137; para a rehabilitación de edificio resultando planta baixa para local sen uso definido, tres plantas altas e planta baixo cuberta para catro vivendas, sito en solo urbano na rúa Nova, número 21; para construción de muro de contención en aparcadoiro sito en solo urbano na rúa Milagrosa, número 98; para a reforma de almacén de uso agrario, con licenza número 280/91, sito no polígono 183, parcela 69, Vilaestévez, número 27, San Xoán do Alto e para demolición de edificio na ronda Muralla, número 105.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da conta de liquidación definitiva da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación Centro Sur-7, do PXOU de 1990.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

Código Seguro de verificación:+vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	31/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	+vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==	PÁGINA	1/3



3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases do proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de oficial cociñeiro/a.

Tamén se acorda a aprobación das bases do proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de axudante de cociña e limpeza.

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases do proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de auxiliar do fogar.

Acórdase a aprobación das bases do proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de operario do cemiterio municipal.

Do mesmo xeito, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito ao Servizo de Informática e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios excepto o mes de xuño por unha funcionaria adscrita ao Departamento de Xuventude e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a recusación formulada por un funcionario contra o instrutor do expediente de información reservada e noméase novo instrutor.

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo durante o ano 2014 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a incoación de expediente de incumprimento contractual da compañía, por denegación inxustificada de asistencia sanitaria no contrato de seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do Concello de Lugo e a declaración de caducidade de expediente de interpretación contractual.


ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de edificio destinado a almacén agrícola en miñao, 11, San Martín de Piñeiro.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións,

Código Seguro de verificación:+vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	31/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	+vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==	PÁGINA 2/3


+vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==

instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras número 1616/2010 concedida para construír un edificio na rúa montero ríos, 20-22, e rúa Carril das Flores.

Tamén se aproba o escrito presentado, no que insta a rectificación da liquidación número 6554931 (39/2014), aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 2 de xaneiro de 2014, xirada a nome da entidade mercantil en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para a reforma e construción de planta alta en nave industrial sita no parque empresarial "As Gándaras", rúa "B", parcela "k4.1", por importe total de 1.938,48 €, por modificación do presuposto de execución material da obra.

Así mesmo, aprobas a solicitude formulada, na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para rehabilitación de cuberta en edificación sita na rúa armórica, 124, pola que ingresou a autoliquidación número 6275792, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 58,41 €.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: +vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	31/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	+vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==	PÁGINA	3/3



+vX86v0X5LrUw/IT3+i61w==